

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 20 | MARZO 2011



BOAVENTURA DE SOUSA SANTOS
Director do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra

O pasado día 8 de Marzo celebrouse o Día Internacional da Muller. Os días ou anos internacionais non son, en xeral, celebracións. Son, pola contra, modos de sinalar que hai pouco para celebrar e moito para denunciar e transformar.


Non hai natureza humana asexual; hai homes e mulleres. Falar de natureza humana sen falar na diferenza sexual é ocultar que a “metade” das mulleres vale menos que a dos homes. Baixo formas que varían co tempo e o lugar, as mulleres teñen sido consideradas como seres cuxa humanidade é problemática –máis perigosa ou menos capaz– en comparación coa dos homes. Á dominación sexual que este prexuízo xera dicímoslle patriarcado e ao senso común que o alimenta e reproduce, cultura patriarcal.

A persistencia histórica desta cultura é tan forte que mesmo nas rexións do mundo nas que ela foi oficialmente superada pola consagración constitucional da igualdade sexual, as prácticas cotiás das institucións e das relacións sociais continúan a reproducir o prexuízo e a desigualdade. Ser feminista hoxe significa recoñecer que tal discriminación existe e é inxusta e desexar activamente que a mesma sexa eliminada. Nas actuais condicións históricas, falar de natureza humana como se ela fose sexualmente indiferente, sexa no plano filosófico sexa no plano político, é pactar co patriarcado.

A cultura patriarcal vén de lonxe e atravesará tanto a cultura occidental como as culturas africanas, indíxenas e islámicas. Para Aristóteles, a muller é un home mutilado e para San Tomás de Aquino, sendo o home o elemento activo da procreación, o nacemento dunha muller é sinal da debilidade do procreador. Esta cultura, ancorada por veces en textos sagrados –Biblia e Corán–, estivo sempre ao servizo da economía política dominante que, nos tempos modernos, foi o capitalismo e o colonialismo. En Three Guineas (1938), en resposta a unha petición de apoio financeiro para o esforzo de guerra, Virginia Woolf rexeita, lembrando a exclusión das mulleres na nación, e afirma provocativamente: “Como muller, non teño país. Como muller, non quero ter país. Como muller, o meu país é o mundo enteiro”.

Durante a ditadura portuguesa, as Novas Cartas Portuguesas publicadas en 1972 por Maria Isabel Barreno, Maria Teresa Horta e Maria

AS MULLERES NON SON HOMES



Vello da Costa, denunciaban o patriarcado como parte da estrutura fascista que sustentaba a guerra colonial en África. “Angola é nosa” era o correlato de “as mulleres son

Revolución dos Cravos o 25 de Abril de 1974.

A violencia que a opresión sexual implica acontece baixo dúas formas, hardcore e softcore. A versión har-

NAS ACTUAIS CONDICIÓNS HISTÓRICAS, FALAR DE NATUREZA HUMANA COMO SE ELA FOSE SEXUALMENTE INDIFERENTE, SEXA NO PLANO FILOSÓFICO SEXA NO PLANO POLÍTICO, É PACTAR CO PATRIARCADO

nosas (de nós, homes)” e no sexo delas se defendía a honra deles. O libro foi inmediatamente requisado xustamente porque foi entendido como un libelo contra a guerra colonial e as autoras non foron xulgadas só só grazas a que estoupou a

dcore é o catálogo da vergoña e do horror do mundo. En Portugal, morreron 43 mulleres en 2010, vítimas de violencia doméstica. En Cidade Juárez (México) foron asasinadas nos últimos anos 427 mulleres, todas mozas e pobres, traballadoras

nas fábricas do capitalismo salvaxe, as maquiladoras, un crime organizado hoxe coñecido por femicidio. En varios países de África, continúa a practicarse a mutilación xenital. En Arabia Saudita, até hai pouco, as mulleres nin sequera tiñan certificado de nacemento. No Irán, a vida dunha muller vale a metade da do home nun accidente de circulación; nos tribunais, o testemuño dun home vale tanto como o de dúas mulleres; a muller pode ser apedrada até a morte en caso de adulterio, práctica, de feito, prohibida na maioría dos países de cultura islámica.

A versión softcore é insidiosa e silenciosa e acontece no seo das familias, institucións e comunidades, non porque as mulleres sexan inferiores senón, pola contra, porque son consideradas superiores no seu espírito de abnegación e na súa dispoñibilidade para axudar en tempos difí-

les. Coma se fose unha disposición natural. Non hai nin sequera que lles preguntar se aceptan os gravames ou baixo que condicións. En Portugal, por exemplo, os cortes nos gastos sociais do Estado actualmente en curso vitimizan en particular ás mulleres. As mulleres son as principais provedoras do coidado a dependentes –nenos, vellos, doentes, persoas con deficiencia. Se, co peche dos hospitais psiquiátricos, os doentes mentais son devoltos ás familias, o coidado fica a cargo das mulleres. A imposibilidade de conciliar o traballo remunerado co traballo doméstico fai que Portugal teña un dos índices máis baixos de fecundidade do mundo. Coidar dos vivos tórnase incompatible con desexar máis vivos.

Mais a cultura patriarcal ten, en certos contextos, unha outra dimensión particularmente perversa: a de crear a idea na opinión pública de que as mulleres son oprimidas e, como tales, vítimas indefensas e silenciosas.

Este estereotipo torna posíbel ignorar ou desvalorizar as loitas de resistencia e a capacidade de innovación política das mulleres. É así que se ignora o papel fundamental das mulleres na revolución do Exipto ou na loita contra a pillaxe da terra na India; a acción política das mulleres que lideran os municipios en tantas pequenas cidades africanas e a súa loita contra o machismo dos líderes partidarios que bloquean o acceso das mulleres ao poder político nacional; a loita incesante e chea de riscos polo castigo dos criminais levada a cabo polas nais das mozas asasinadas en Cidade Juárez; as conquistas das mulleres indíxenas e islámicas na loita pola igualdade e polo respecto da diferenza, transformando por dentro as culturas ás que pertencen; as prácticas innovadoras de defensa da agricultura familiar e das sementes tradicionais das mulleres de Kenya e de tantos outros países de África; a resposta das mulleres palestinas cando, en sendo preguntadas por autoconvencidas feministas europeas sobre o uso de contraceptivos: “en Palestina, ter fillos é loitar contra a limpeza étnica que Israel impón ao noso pobo”. ●

Publicado en portugués na revista *Visão* e na *Agência Carta Maior*.



MOMENTO DE IMPLICARSE

Os dereitos aos que aspiraban as mulleres socialistas do 8 de marzo de hai cen anos están aínda moi lonxe de conseguirse



MARÍA REIMÓNDEZ
Implicadas no Desenvolvemento

Este ano fanse cen anos do primeiro 8 de marzo. A orixe desta celebración, datada a comezos do século XX, non radica, contrariamente ao que se soe pensar, nun acontecemento illado, como non radican nun acontecemento illado os motivos que levaron a millóns de mulleres a levantarse naquel entón e esixir os dereitos que, como persoas e como cidadás, nos pertencen: dereito ao voto, ao traballo, á ocupación de cargos públicos, á non discriminación. Porén, a loita feminista é moi anterior a esta primeira data sinalada e pode retrotraerse ás figuras de mulleres senlleiras que en todas as sociedades do mundo argumentaron, loitaron e ata perderon a vida por defender a premisa tan básica de que as mulleres somos seres humanos con dereitos plenos.

O 8 de marzo debe axudarnos a lembrar que a historia está moi lonxe de ser lineal e que os dereitos aos que aspiraban as mulleres socialistas do 8 de marzo de hai cen anos están moi lonxe de

conseguirse en TODAS as sociedades. As sociedades occidentais tenden a buscar escurecer os vínculos mundiais entre o sistema capitalista e o patriarcado argumentando a miúdo que as mulleres do Sur padecen situacións de explotación extremas por culpa das súas "culturas", "relixións" ou "barbarismo" dende o convencemento de que as sociedades do Norte viven un período de esplendor no campo da igualdade. Porén, rara vez falan das culturas, relixións e barbarismos propios da sociedade occidental como causa da discriminación das mulleres, argumento que podería utilizarse igualmente (véxase o discurso da igrexa católica con respecto ás mulleres, a cultura do corpo e a beleza, o barbarismo das agresións ao corpo). Ademais, como aconteceu en diferentes momentos históricos, en canto asoma a pantasma da crise económica e de valores axiña os retrocesos alcanzan cotas de verdadeiro horror. Aquí, en Galicia, na nosa mesma casa, a retórica

franquista da muller doméstica volve con toda a súa forza (véxase a proposta de Lei da Familia do goberno do PP), unha lección que ben puidemos aprender da antiga Unión Soviética, onde este mesmo tipo de discurso foi implantado a nivel goberamental

CADA DÍA QUE PASA ABRIMOS A PRENSA E COMPROBAMOS QUE OS MESMOS PREXUÍZOS QUE IMPIDEN QUE A VOZ DA METADE DA HUMANIDADE SEXA ESCOITADA SEGUEN MÁIS VIXENTES CA NUNCA

para devolver ás mulleres á casa e maquillar así o paro tras a caída do Pano de Aceiro. Na intersección entre estes eventos e as mulleres do Sur atopamos o mesmo tipo de retórica social que trata ás "outras" das nosas sociedades como bárbaras e submisas a ditados patriarcales nos diferentes conflitos que ao longo do ano pa-

sado se foron desenvolvendo ao redor do "veo" en diferentes centros de ensino e cidades do estado español, o último deles no próximo Arteixo. A retórica da superioridade occidental pon grosos lentes á hora de analizar de forma crítica as formas de discriminación e opresión das mulleres promovidas polo cristianismo e pola sociedade occidental en xeral focalizando unha capa máis de discriminación sobre as mulleres que xa teñen abondos elementos de marxinação nunha sociedade coma a nosa. O discurso da "liberdade de elección" tan propio do neoliberalismo leva a que un colexio poida decidir supeditar o dereito á educación e á convivencia a unha nena aos desexos xenófobos dunhas familias, so argumento da "liberación das mulleres". Este exemplo amosa como para loitar contra o patriarcado fai falta loitar tamén contra estes discursos neoliberais que perverten palabras como "liberdade" e "dereitos" para poñelas ao servizo dos privilexios dos poderosos.

No extremo final deste contínuum están as mulleres do Sur, aínda máis suxeitas aos estereotipos e ás exclusións, ás presións internas e externas, ás loitas entre defender as súas culturas fronte á opresión cultural occidental e loitar contra o patriarcado localmente. Os feminismos demostran que a única maneira de conseguir saír dese círculo é tendendo pontes que recoñezan o papel opresor de occidente e a interacción entre o neoliberalismo e o patriarcado como sistemas de explotación das mulleres do Norte e do Sur parellos e complementarios, e nos cales as propias mulleres do Norte desempeñamos papeis fundamentais (por exemplo, como consumidoras). Por iso o 8 de marzo as mulleres galegas saímos á rúa ao mesmo tempo que as mulleres de Salem que loitan co apoio de Implicadas contra o infanticidio feminino ou as mulleres de Mersa, en Etiopía, onde Implicadas traballou durante varios anos. Esa é a grande maxia do 8 de marzo, a unión que fai a maior forza.

mulleres de Salem, na India, para loitar contra o infanticidio feminino, unha práctica que consiste en matar ás nenas que acababan de nacer debido ao baixo valor que as mulleres teñen na súa sociedade e que supón que cada ano morran ou deixen de nacer 200 nenas. Por iso tamén lanzamos unha campaña en outubro de 2010, 1 de 200 para conseguir que 200 persoas máis nos axuden a continuar o traballo (www.200implicadas.com), co obxectivo de crear un cambio de mentalidade na nosa sociedade, de visibilizar os esforzos das nosas compañeiras de Salem e en último termo recadar os fondos que por xustiza precisamos contribuír para apoiar o seu traballo. Levamos varios meses presentando esta campaña de alto contido político en diversas cidades galegas e ao cabo dos seis meses só 77 persoas se animaron a unirse ao noso traballo, o cal di bastante pouco do noso pobo e a súa responsabilidade cara ás mulleres do Sur.

Por iso se cadra o 8 de marzo é máis necesario ca nunca e tamén máis imparabile ca nunca porque cada día abrimos a prensa e comprobamos que os mesmos prexuízos que impiden que a voz da metade da humanidade sexa escoitada seguen máis vixentes ca nunca. Por iso, Implicadas no Desenvolvemento formou parte tamén das celebracións do pasado 8 de marzo, recoñecendo con ledicia o traballo de todas aquelas compañeiras que cada día fan posible que, hoxe, como naqueles comezos do século XX, o cambio siga sendo un obxectivo, e non unha utopía. Porque para nós todos os días son días de celebrar o traballo das nosas compañeiras activistas de Salem (Támil Nadu) ou Etiopía, que loitan arreo para mudar as súas realidades dende dentro; das nosas compañeiras voluntarias, que traballan cada día con vontade e entrega fomentando unha sociedade galega crítica, conscientes de que para solucionar os problemas do Sur compe comezar por xerar unha conciencia analítica e reflexiva no norte; das nosas compañeiras socias, que fan posible que Implicadas poida seguir adiante cos seus proxectos; das compañeiras que, dende que Implicadas lanzou a campaña 1 de 200, no mes de outubro, permiten e reforzan con 12 euros ao mes o noso traballo para erradicar o infanticidio feminino en Salem; daquelas compañeiras que, agardamos, pasen a ser pronto 1 de 200; das nosas compañeiras mestras, avogadas, escritoras, músicas... feministas ansiosas de cambios, de avances, de igualdade e xustiza.

Hoxe, como cada 8 de marzo, avanzamos. ●

•INFO: www.200implicadas.com
"Quererás ser 1 de 200?" www.altermundo.org/quereras-ser-1-de-200/



MERCA ACCIÓNS PARA DICIRLLES O QUE PENSAS

É unha estratexia para estar nas xuntas de accionistas das multinacionais e tomar a palabra. O presidente da compañía está obrigado a responder



JUAN LUIS SÁNCHEZ
Xornalista

periodismohumano.com

Jordi Calvo puxo camisa laranxa, pantalón negro e zapatos de vestir o venres pola mañá. Saíu do cuarto do hotel, onde pasou a noite tras aproveitar a viaxe dende Barcelona para participar nunha palestra na zona vella, con tempo dabondo para chegar con calma ao Palacio Euskalduna, lugar que albergaría a partir das 12 a Xunta Xeral de Accionistas do BBVA deste 2011. Na porta do centro de congresos de Bilbao había un par de furgóns policiais aparcados, algúns ertzainas botando unha ollada e un grupo de ecoloxistas que protestaba. Jordi Calvo saudoulles –víraos a noite anterior– e logo dirixiuse á porta principal do edificio.

Cando mostrou a súa identificación o seu nome apareceu efectivamente na listaxe de accionistas. Jordi acudía á asemblea con 350.000 títulos baixo o brazo, a maioría delegados nel por outros investidores. Coa acreditación xa no pescozo, pasou á sala principal e sentou onde lle correspondía. Entón identificou ao que sería o seu acompañante durante toda a mañá, un discreto axente de seguridade privada.

Ás 12 do mediodía, como estaba previsto, comezou o acto. Dende o perfectamente iluminado escenario, obviamente dominado pola cor azul, o presidente do BBVA, Francisco González, tomou a palabra en primeiro lugar; sacou peito dos beneficios do grupo, que medraran un 9,4%

con respecto aos do ano anterior, e permitiuse recomendar a súa receita de éxito ao Goberno para sacar ao país da crise. Foron 30 minutos dun discurso político máis que empresarial. Logo chegou a quenda do conselleiro delegado do banco, Anxo Cano, que consumiu outros 30. Seguíronlle outras intervencións máis técnicas doutros directivos.

Ábrese a quenda para a intervención de accionistas, díxose dende as alturas azuis. Un escaso grupo dunhas 10 persoas ergueuse dos asentos e achegouse á zona dos micrófonos do público, onde alguén lles tomou nota de quen eran. Jordi Calvo, co seu inseparábel e discreto acompañante que non lle quitaba os ollos de enriba, esperou a súa quenda cerca do micrófono.

Os 8 quendas de palabra que precedían á de Jordi consumíronse entre parabéns á boa marcha do grupo, algunha queixa persoal por agravios internos e a intervención dos representantes sindicais. Ás 14:30, Jordi Calvo ergueuse da butaca, camiñou cara ao micrófono... e falou.

“Bos días señores e señoras accionistas do BBVA, o meu nome é Jordi Calvo Rufanges e fállolles como membro do Centro Delàs de Estudos pola Paz en representación de diversos accionistas e da Campaña BBVA sen armas”. [1]

Jordi leva anos practicando o “activismo accionarial”, que con-



Protesta da Plataforma contra o BBVA (bbvahiltzaile.blogspot.com) o pasado 11 de marzo en Bilbao

siste en que as organizacións sociais que son críticas cunha empresa merquen accións da mesma para ter dereito a falar nas xuntas de accionistas. “É máis sinxelo do que parece”, cóntanos Jordi á saída da xuntanza do BBVA. “Simplemente hai que mercar unha acción. En calquera sucursal ou oficina podes facelo; é barata, custa uns 10 euros”. No seu caso, os títulos foran delegados por varias organizacións e cidadáns que apoian a campaña contra o financiamento de em-

presas que fabrican armas nucleares, bombas de acio ou minas antipersoas, entre outras. “Dá igual ter moitas ou poucas accións, déixanche falar o mesmo tempo; a particularidade no BBVA é que con menos de 500 non podes entrar na xunta”.

O Banco Santander tamén ten os seus cabalos de troia. O 11 de xuño de 2010, na súa última asemblea, un fulano de camisa branca e pantalóns negros, respiraba nervioso diante do micrófono e a mirada de Emilio Botín. Jordi Calvo, de novo. Pero tamén estivo Annie Joh, responsable da Campaña Finanzas Éticas de Setem en España, que en 2008 e 2009 subiu ao estrado para que o Santander deixase de financiar o proxecto Río Madeira en Brasil, polos prexuízos que estaba a provocar nas persoas da zona e no ambiente desta rexión amazónica.

De feito, Setem é unha das pioneiras nisto do activismo accionarial; dende 2001 teñen accións en Inditex, coincidindo coa saída a bolsa da empresa de Amancio Ortega, o home con máis cartos de España. Setem usou as asembleas para denunciar por exemplo a explotación laboral a través de subcontratas na fabricación de roupa de Zara, Oysho, Massimo Dutti, Pull & Bear e outras marcas; ou para pedir –e conseguir tras dous anos insistindo– indemnización ás familias das 64 vítimas dun incendio nunha fábrica dunha subcontrata Bangladesh.

O activismo accionarial ten o seu punto de morbo –case ao estilo de *Teño unha pregunta para vostede*– porque o presidente da

compañía está obrigado a contestar ás preguntas dos accionistas. Iso si, todas xuntas e ao final –máis ben ao estilo grupo mixto– e case nunca dun xeito moi concreto. “Normalmente, despáchannos con tres palabras. Nengan que o que dicimos sexa certo, acúsannos de ser inxustos e reiteran que eles cumpren os acordos internacionais”, cóntanos Jordi Calvo. Nanda Couñago, de Amarante-Setem Galiza, cóntanos que xa non lle responde Amancio Ortega, que se acaba de xubilar, e que no seu lugar nas xuntas de Inditex está xa ao mando o seu sucesor, Pablo Isla. Total, “sempre nos din que pescudarán o que poidan e tal. Só boas palabras, andan con reviravoltas e non temos dereito a réplica”.

A camisa e os zapatos de Jordi non son a súa vestimenta habitual. “Vístome así para que non se asusten”, dinos entre bibracadeiras. O ambiente nunha destas xuntas adoita ser tenso. “Nunca nos apuraron”, cóntanos Nanda, “pero si hai recriminacións mentres falas e algunha reacción airada”, e lembra especialmente unha que tivo lugar na xunta de Adolfo Domínguez, onde tamén levan “infiltrados” cinco anos. Couñago apunta, iso si, que “tamén hai accionistas que non teñen nada que ver connosco que logo se achegan discretamente a animarnos”. Chámanvos logo para ver como poden axudar?, preguntámoslle a Nanda. “Non, a verdade é que non”. ●

[1] O texto íntegro da intervención de Jordi Calvo pódese ler en <http://bbvasinarmas.org>

E TODO ISTO PARA QUE?

“Somos conscientes de que non imos mudar o sistema de deslocalización do téxtil por ir a unha asamblea de Inditex”, di Couñago, “porque o erro está no modelo a nivel internacional; non hai unha xustiza á que recorrer”. Calvo tamén reconece que “o noso obxectivo con estas accións non é cambiar a entidade; sería moi ignorante pensar que podemos facelo así. É unha acción simbólica, pedagóxica e de comunicación”.

Con todo, outras ONG si que confían neste formato de diálogo para mudar as cousas. “Nós non imos ás xuntas de accionistas a protestar nin a chamar a atención, senón a facer peticións concretas e propostas”, dinos Susana Ruíz, de Intermón Oxfam. “Usamos o voto de accionistas que están de acordo connosco”, isto é, de investidores que ademais de rendibilidade económica están abertos a que as empresas onde meten o seu diñeiro sexan máis responsábeis socialmente. A súa relación máis importante é con Repsol YPF, para cuxas asembleas Intermón recibe case un millón de accións de Noruega e Estados Unidos, que cambiou algunhas das súas políticas sobre poboacións indíxenas nas explotacións petrolíferas do Amazonas, segundo Susana Ruíz, grazas ás presións e xuntanzas coa súa organización; “non estamos contentos ao 100%, pero si que se produciron melloras”.

A multinacional hispano-argentina presidida por Antonio Brufau está agora analizando a última proposta que a propia Susana Ruíz fixo en nome da súa organización e os accionistas aos que representaba na xunta celebrada en abril de 2010 en Madrid: que Repsol apoie un modelo de contabilidade in-



ternacional máis transparente. “Non podes pedir que nese intre Brufau che dea unha resposta concreta”, di Ruíz, “mais a petición abre a porta de xuntanzas posteriores”.

Nestes casos non hai pancartas nin accións espectaculars. “porque co persoal que nos poñen enriba sería imposible facer nada; en 2 segundos estaríamos fóra da sala”, dinos Jordi Calvo –pero en ocasións si que os activistas aproveitan que se infiltraron para realizar unha acción máis impactante. Fixoo, por exemplo, Greenpeace con Nestlé para rematar a súa campaña contra o uso de aceite de palma para a fabricación de chocolate que provén da deforestación de Indonesia. Unha vez dentro, os activistas despregaron varias pancartas desde o teito.



O marmurio das ondas

omarmuriodaonda.blogaliza.org

O POUTIÑAS OPINA SOBRE A ENERXÍA NUCLEAR

Mira rapaz, o mundo tenche os pés no ceo e a cabeza baixo terra. Estáche do revés. Os que mallan en nós reciben premios; os mallados aínda reciben máis paus. E o noso lombo nunca acouga. Non, amigo non. A humanidade é unha caricatura da miseria. Miseria económica uns, miseria intelectual outros. E eu destas lerias non che sei moito pero parvo, tampouco son. A xente pasa pola vida coma quen colle o carriño da compra no Alcampo e merca aquilo que lle fai falta e un engado máis.

Días atrás lin, mentres facía tempo para o coche de liña, que case o 10% da contaminación de Europa, (de Europa, rapaz!) era culpa das bostas. Manda chover na Habana!, dixen en alto. Un paisano mirou para min e conteille o caso. Botou a boina para atrás cos cotelos mentres rañaba na testa e dixo: inda ben que se van pechando explotacións en Galicia.

Xa che digo que disto non sei. Eu non son un estudado. Os que van á

universidade deben ser xente moi lista, teñen que valer moito. Tanto coma as propiedades da Igrexa. Pe-

mén se pasarán de rosca e acabarán aparvados de todo.

Estes días escoito no parte o que

sucede en Xapón. Que desastre! Falan de reactores, fusións e átomos de tal asunto. Con tanta seguridade que disque había, tantas probas e tantos xuramentos. Diso non sei nada pero si sei a penuria que esa xente sofre, que che son coma ti e coma min, persoas a fin de contas. Pero as bágoas e a dor, sexan a milleiros de quilómetros ou a un cento deles, se non a miramos polos nosos propios ollos non as sentimos. Que imos facer, non?

Con todo isto, amiguiño, queroche dicir que un debe cavilar unha miga por si mesmo. Pode que as vacas contaminen moito a capa de ozono pero será máis certo que

a enerxía nuclear arrasa con vidas humanas. Ai, meu rei, cando as persoas deixen de querer ser leóns... ● ["O Poutiñas opina sobre a enerxía nuclear". **Xurxo Martínez González, 16/03/11**]



ro, sabes meu amigo?, hanlle pasar o que ao Álvaro de Pacios: de cativo era tan intelixente que ao final se pasou de rosca. Será así que se entende o que pasa no mundo. Irán a tantas universidades, tantos estudos que ta-



www.cartamaior.com.br

Retrato da desigualdade

Actualmente, a poboación mundial conta con máis de 6.800 millóns de persoas. De acordo con datos da ONU e a FAO, 925 millóns dese total pasan fame. Alén diso, vale rexistrar que os nenos son quen máis sofren con tal cadro. Case un terzo dos nenos nados no chamado Terceiro Mundo, ou sexa, 180



millóns, presentan problemas de desenvolvemento físico e intelectual en razón de problemas de subnutrición nos primeiros 5 anos de vida.


A distribución rexional do mapa da fame reforza aínda máis os aspectos da profunda desigualdade socioeconómica internacional. A absoluta maioría da poboación que pasa fame está en Asia e África Subsahariana [...] Parece estar máis que comprobado que a sociedade contemporánea ten plenas condicións tecnolóxicas e económicas de resolver ese drama. Asistimos a unha continua elevación nas taxas de produtividade en xeral, inclusive na agricultura [...] A mercantilización xeneralizada e a crecente financiarización de todas as actividades a escala global poden contribuír a explicar tal comportamento. [...] Ideas e propostas non faltan. Porén, todas envolven o debate da redistribución e o recoñecemento da necesidade dunha acción reguladora sobre os axentes económicos para buscar a solución. ● ["A fame e as finanzas: um retrato da desigualdade". **Paulo Kliass, 15/03/11**]

Público

www.publico.es

Nin limpa, nin barata, nin ilimitada

Xusto cando a dereita neoliberal anunciaba a boa nova de que ía resolver o problema enerxético, agravado polas revolucións árabes, impulsando a enerxía nuclear, a natureza empeñouse en demostrar o contrario. Sexa cal for o desenlace da urxencia atómica en Xapón, esa industria non volverá ser a mesma, igual que non se recuperou nunca dos accidentes de Harrisburg, primeiro, e Chernóbil.



[...] Daquela, por que se insistiu en desenvolver custe o que custar, investindo niso moitos billóns de dólares? Sen dúbida, se semellante cantidade se empregase en investigar e explotar fontes renovábeis, agora as alternativas eólica, solar e outras alcanzarían unha eficacia probabelmente moi superior á do nuclear.

Pero a industria atómica tiña un dobre uso militar; obrigaba a controlar todas as súas fases por superpotencias tecnolóxicas; forzaba a centralización da produción de enerxía baixo draconianas estruturas de seguridade; e impedía que os países pobres se independizasen enerxeticamente. ● ["Nuclear: ni limpia, ni barata, ni ilimitada. Centralizada y militarizada". **Carlos Enrique Bayo, 16/03/11**]

IPS: www.ipsnoticias.net

MOHAMMED SALMAN



Bahrein pide a axuda a outra ditadura

Autoridades sauditas e funcionarios de Emiratos Árabes Unidos -país que enviou 500 policías para apoiar aos 1.000 efectivos sauditas- dixeron que ingresaron o luns ao reino a petición do propio goberno de Bahrein para protexer a infraestrutura da nación e dar espazo a unha solución política.

[...] A incursión de Arabia Saudita en Bahrein é unha medida arriscada que pode inflamar o descontento interno que soportan ambos os dous gobernos e favorecer a propaganda de Irán entre as poboacións chiitas dos seus veciños árabes. ● ["Intervención saudita entraña máis perigos que solucións". **Barbara Slavin, 15/03/11**]

GANAS DE ESCRIBIR: juantorreslopez.com



Por que iamos calar se, ao cabo, tiñamos razón

Acabo de ler que o presidente Zapatero pediu que non se utilice o accidente da central xaponesa "para debater sobre o futuro da enerxía nuclear". Deben crer que somos parvos. Cando viñemos denunciando o perigo que comporta a enerxía nuclear, sobre todo cando se converte nun negocio que apura até o máximo os custos para ser o máis rendíbel posíbel, dinnos que non levamos razón porque é segura. E agora que se demostra con total evidencia que non o é, dinnos que non debemos debater sobre a súa seguridade [...]. ● ["¿Se creen que somos tontos, o qué?". **Juan Torres López, 16/03/11**]

...DUN IRMANDIÑO: raulasegurado.wordpress.com

CHECHI PE



A condición de cidadanía dos menores de idade

[...] Os menores de idade de forma habitual son considerados beneficiarios (pasivos) de políticas sociais, mais en moi poucas ocasións a súa capacidade social -que non xurídica- (innegábel) é atendida para mellorar os servizos que se lles brindan, desde o ocio até as súas necesidades básicas de protección. As aspiracións inxeridas na coñecida "democracia participativa" debería atender de forma especial as orixinadas por este colectivo, sobre todo na organización metodolóxica para recoller as súas demandas. ● ["Indagacións sobre a cidadanía (III): menores e a súa condición de cidadanía". **Raúl Asegurado, 03/11**]

AMARANTE: www.amarantesetem.org

CAMPAÑA ROUPA LIMPA



Vaqueiros: desgastando os pulmóns dos pobres

A Campaña Roupas Limpas, coordinada en Galiza por AMARANTE Setem, lanza a iniciativa "No Sandblasting", para a prohibición mundial desta técnica que consiste en desgastar os vaqueiros.

[...] Esa aparencia de "desgastado" mediante a perigosa técnica do "sandblasting" é un método moi barato para as grandes marcas, que non teñen en conta a saúde das persoas e do planeta. [...] Estímase que preto de 5.000 empregados do "sandblasting" teñen silicose. Deles, polo menos 46 faleceron. ● ["A Campaña Roupas Limpas esixe a Versace, Armani e Diesel que abandonen a técnica do "sandblasting"... **Amarante, 03/11**]